



Texto: Stephanie Baudet

Medidas: 13x21 cm

Ilustración: Arianna Bellucci

Páxinas: 216

Tradución: Maruxa Zaera

I.S.B.N. 978-84-18667-13-8

Idioma: Galego

IBIC: YFD

Encadernación: Rústica con solapas

P.V.P.: 13,90€

Con **Estudio en Escarlata** iniciamos *Sherlock Holmes para pequenos detectives*, unha colección amena e divertida cos mellores casos do detective máis famoso de todos os tempos. Grazas á súa narrativa e rechamantes ilustracións axudará a **consolidar a lectura dos máis novos**. Ademais, as didácticas **aclarácións sobre termos e obxectos propios da Inglaterra da época** achegaraos á literatura clásica de detectives.

A través das crónicas do Dr. Watson compartiremos as súas aventuras cheas de misterio, roubos e asasinatos.

Antes da lectura

Poñer en coñecemento do alumnado o **xénero detectivesco** nos libros e no audiovisual e dar máis exemplos de **detectives famosos**: C. Auguste Dupin, Hércules Poirot, Miss Marple...

Explicar en que consiste o **método científico** e por que é a ferramenta máis axeitada para desentrañar un misterio:



1 Observa

3 Fai unha hipótese

5 Saca unha conclusión

2 Obtén información

4 Comproba se funciona

Expoñer as características da **inglaterra vitoriana** que a converten no escenario perfecto para as historias de Sherlock Holmes: o **Imperio Británico**, a **Revolución Industrial** (industria textil, expansión ferroviaria), a época das grandes **figuras literarias** (Dickens, H.G. Wells, Bram Stoker, Oscar Wilde, Arthur Conan Doyle, Robert L. Stevenson...), **epidemias e revoltas sociais**.

Despois da lectura

Pensas que foi boa idea que Watson e Sherlock se fosen vivir xuntos? Que cousas teñen en común? Que cousas tes ti en común co/a teu/túa mellor amigo/a?

Facede grupos de dúas persoas e tentade, en base ao método científico, adiviñar se o/a voso/a compañeiro/a pasou boa noite e, mesmo, que tomou para almorzar.

Que diferenzas ves entre as carruaxes de cabalos nas que viaxan Sherlock e Watson e o transporte público da túa cidade? Cres que aínda se utilizan carruaxes hoxe en día?

Sherlock descoñece por completo literatura, filosofía, astronomía e política. Por que di que non paga a pena aprender nada sobre elas? Cal é a materia que máis che gusta a ti? E a que menos?

Por que Sherlock non ten unha boa relación con Lestrade e Gregson? Pareceche que os policía fan mal o seu traballo ou é que Sherlock é demasiado fachendoso e cre que non hai ninguén tan intelixente coma el?

Que sentiches ao escoitar a confesión de Hope? Pensas que se converteu nunha persoa tan cruel como os que lle fixeron mal a Lucy? Coñeces algún outro libro ou filme que conte unha historia de vinganza?

